

UN MUSEO POLO MIÚDO

Reinterpretar: sendo pintura

Na actividade anterior reinterpretáchedes o cadro de Antonio Tenreiro Brochón en estilos moi diferentes aos do cadro orixinal. Sen embargo, ás veces as reinterpretacións de obras da Historia da Arte fanse de xeitos máis libres e orixinais.

Un fenómeno viral que se leva a cabo actualmente e que se fixo moi mediático durante o confinamento é o de versionar, cos nosos propios corpos e obxectos cotiáns, obras de arte de distintos museos e coleccións.

Un grupo de persoas da Escola Municipal de Folclore de Betanzos, entre os que se atopaba a nosa compañeira Sara Fraga Pérez, realizou esta interpretación da famosa obra do pintor Fernando Álvarez de Sotomayor chamada “Comida de voda en Bergantiños”.





Para esta actividade, vos suxerimos que fagades o mesmo que Sara e os seus amigos nestas imaxes; que realicedes unha reinterpretación dun dos cadros do Museo de Belas Artes sendo vós mesmos os modelos de cada pintura. Polo seu tamaño, por tratarse de obras con moitos personaxes, e pola gran teatralidade que teñen, suxerímosvos reinterpretar tres cadros moi especiais da nosa colección: *Xuventude* de Julia Minguillón, *Xogadores de Cartas* de Theodor Rombouts, e *O discurso* de Isaac Díaz Pardo. Podedes disfrazarvos, peitearvos ou maquillarvos para conseguir o máximo parecido posible cos personaxes dos cadros. Igualmente, debedes traballar na escenografía da imaxe, xogando cos obxectos cotiáns da vosa aula ou das vosas casas e coa iluminación natural e artificial que teñades para tentar achegarvos á ambientación da obra orixinal que vaiades a reinterpretar. Unha vez que a posta en escena estea rematada hai que rexistrala; pode facerse un pequeno vídeo ou unha fotografía. ¡Enviádenos os vosos resultados!

Analizando as tres obras que vos propoñemos



Julia Mingullón. *Xuventude* (1948)

Xuventude é un dos poucos cadros realizados por unha pintora que temos na colección do Museo. Trátase dunha obra datada en 1948 coa que a autora gañou o I Premio do Círculo de Belas Artes de Madrid; o mellor dotado de todos os certames de pintura da época.

Este cadro chama a atención polas súas dimensións: mide arredor de 3x3 metros. Aínda que hai excepcións, era infrecuente que as autoras españolas desta época realizasen obras deste tamaño. Se cadra pola condición de desigualdade na que se atopaban con respecto aos seus colegas masculinos, o certo é que a maior parte das pintoras facían cadros de pequeno formato e de temas considerados “decorativos” ou “menores” (bodegóns, escenas costumistas, paisaxes).

É moi salientable a composición do cadro: os corpos das once mulleres compoñen a obra creando distintas diagonais. A pintora sobrepasa o estilo naturalista para achegarse a unha atmósfera de irrealidade. Con tons apagados e moi apoiada na liña, o seu estilo é bastante academicista, aínda que contando con reminiscencias de estilos das vangardas artísticas como pode ser o cubismo.

As figuras atópanse nunha paisaxe, totalmente inscritas na natureza. Parecen representar, ademais da xuventude á que alude o título do cadro, a beleza clásica ou mesmo a vaidade, xa que moitas aparecen contemplándose nun espello.



Theodoor Rombouts. *Xogadores de Cartas* (1636)

Neste cadro costumista vemos un grupo de personaxes arredor dunha mesa xogando ás cartas. As escenas populares con representacións de músicos, tabernas e xogadores de naipes tiveron unha enorme difusión na Europa de comezos do s. XVII. O autor da obra, Theodoor Rombouts, realizou numerosos cadros deste subxénero ao longo da súa carreira. Moitas veces estas representacións tiñan un carácter moralizante, tratando de advertir sobre os perigos do xogo e as trampas. A expresión e espontaneidade dos personaxes, xunto coa reprodución maxistral do mantel e dos obxectos, ponnos en relación directa co naturalismo que caracterizou a pintura de xénero durante o Barroco. A composición do cadro é moi interesante e complexa. Trátase dunha escena coral onde os homes e as mulleres presentan un tamaño natural. Os personaxes, de media figura, aparecen nun primeirísimo plano. As súas vestimentas teñen un aspecto enormemente teatral e están cheas de cor. Aparecen iluminados por un foco de luz que crea efectos de claroscuro e que vai modelando a mirada do espectador. O fondo é indefinido, escuro e neutro, non estando claro o lugar no que se atopan.



Isaac Díaz Pardo. *O Discurso* (1946)

O Discurso é un cadro de enorme formato realizado por Isaac Díaz Pardo. Nel vemos unha xuntanza cun gran número de persoas. Trátase dun dos primeiros óleos onde o autor tratou o tema político. Así o que realmente representaría o cadro é un mitin, mais en plena ditadura franquista este título era demasiado controvertido e perigoso. Díaz Pardo non abandonaría, nin nos peores momentos, o seu compromiso coa arte e a sociedade galega.

Neste mitin, hoxe discurso, vemos como o home da esquerda intenta convencer ao seu auditorio. Entre as persoas representadas vemos distintas actitudes ante o que están a escoitar: un home observa ao infinito, outro home semella estar pensando nas súas cousas con cara de aburrimento e unha muller escoita o discurso mentres aleita ao seu bebé. Ao fondo, un personaxe mira cara nós; se cadra se trata dun autorretrato do propio Isaac Díaz Pardo.

As persoas, vestidas de xeito humilde e mesmo descalzas, aparecen rotundas e cheas de expresión e individualidade. A gradación lumínica destaca uns personaxes sobre os outros, modulando o xeito no que, como espectadores, observamos o cadro.

